

Bernard LE GONIDEC: *Quand Paimpol armait pour la grande pêche. Louis et les siens*. Morlaix: Éditions Skol Vreizh, 2016, 208 pp.

Para o hispanista bretón Bernard Le Gonidec, *unha vida é máis ca unha vida*; o seu percorrido vital e profesional constitúe unha boa ilustración. Nacido en Pléhédél, municipio do Goëlo bretón próximo ao porto de Paimpol, desenvolveu unha boa parte da súa carreira investigadora e docente na Universidade Rennes 2, da que foi vicerreitor, especializándose como lingüista e civilizacionista nas culturas do Uruguai e de Galicia. A súa libre concepción dunha universidade pensada dende o humanismo, a apertura e o pluralismo, converteu ao profesor Le Gonidec nun sólido elo nas relacións entre Galicia, Bretaña e América Latina. Os traballos de investigación por el dirixidos e os encontros persoais por el fomentados, fixeron posible escoitar ecos bretóns na costa de Espasante, refráns galegos nos carreiros de Pléhédél e acentos latinoamericanos nos longos invernos de Rennes.

A curiosidade intelectual sempre alerta do civilizacionista, habituado a achegarse a unha alteridade cultural á que lle deu a palabra en Francia, deita nesta ocasión a súa ollada centrípeta sobre os seus, as xeracións de Bretóns que fixeron posible a pesca do bacallau nas costas de Terranova, Islandia e Saint-Pierre et Miquelon, aos que lles dá igualmente a palabra, unha voz encarnada na figura tutelar do avó Louis.

A oralidade é un vector fundamental da cultura bretoa. Sen necesidade de remontarnos ao vizoso fondo patrimonial británico, obras como o *Barzaz Breiz*, antoloxía de cantos populares publicada en 1839 por Théodore Hersart de La Villemarqué, situaron este país nun lugar cultural central da creación europea. A importancia da palabra e da súa transmisión fan que Bretaña sexa un terreo fértil para a historia de vida, xénero literario no que se enmarca a obra de Le Gonidec e que se sitúa na confluencia de escrituras diversas: a autobiografía, a autoficción, o ensaio sociolóxico, antropolóxico, histórico. Manuscritos excepcionais, redactados en primeira persoa polos seus autores, tanto en lingua bretoa —‘As aventuras do cidadán Jean Connan’, ‘Historia dunha familia de Baixa Bretaña’— como en lingua francesa —‘Memorias dun labrego baixo-bretón’—, e publicados en edicións anotadas ou universitarias logo de ser rescatados de faiados e bibliotecas privadas, convertéronse en éxitos editoriais sen precedentes¹.

Entre a literatura e a antropoloxía, entre a lingua bretoa e a francesa, *O cabalo do orgullo*, do escritor e profesor de letras clásicas e literatura francesa Pierre-Jakez Hélias²,

¹ *Avanturio ar citoian Jean Connan*, de Jean Conan (1765-1834); *Histor eur famill eus Breis-Izel*, de Hervé Burel (1858-1943); *Mémoires d'un paysan bas-breton*, de Jean-Marie Déguignet (1834-1905).

² *Le cheval d'orgueil. Mémoires d'un Breton du pays bigouden* (1975) vendeu no seu día máis de medio millón de exemplares e foi adaptado ao cinema por Claude Chabrol en 1980; a súa versión en cómic,

exemplificou nos anos setenta unha nova sensibilidade na historia de vida, a do neno que transmite e *traduce* a sociedade bretonante *tradicional* da que provén á nova sociedade francófona *moderna* na que entra como adulto. Nesta transmisión ten xa unha importancia memorialística axial a palabra dos avós tutelares. Máis recentemente, os dous volumes de ‘Fillo de pailáns’, de Jean Rohou, neno bretonante da aldea de Plougourvest convertido en profesor de literatura francesa na Universidade Rennes 2³, engaden ao testemuño en primeira persoa a reflexión e a análise do universitario sobre a identidade e a sociedade bretoa, exemplificadas en certa maneira a través do seu microcosmos familiar. O deber de memoria, explicitamente asumido tanto por Hélias como por Rohou, está en absoluta sintonía coa creación, plenamente literaria, de Albert Camus cando emprende a redacción da súa novela inconclusa, ‘O primeiro home’: «Pasaron, descoñecidos, por esta terra. Mais o meu cometido é que, a través do meu libro, a súa sombra fiquen aínda despois do seu paso por esta terra»⁴.

Quand Paimpol armait pour la grande pêche. Louis et les siens, de Bernard Le Gonidec, aborda a escritura memorialística dun xeito sensiblemente diferente aos exemplos anteriormente expostos. Os buques armados no porto de Paimpol para a pesca de altura do bacallau durante os séculos XIX e XX convertéronse, no imaxinario colectivo bretón, no emblema dunha epopea colectiva ambivalente. Esta aventura ten na novela ‘Pescador de Islandia’, de Pierre Loti, ou na canción ‘A Paimpolesa’, de Théodore Botrel, o seu aspecto máis amable e popular⁵, e en lugares como ‘A cruz das viúvas’, miradoiro situado na entrada da baía de Paimpol, ou o ‘Muro dos desaparecidos’, do cemiterio de Ploubazlanec, a súa realidade máis crúa⁶. A aposta de Le Gonidec é narrar a memoria persoal, familiar, cultural e socioeconómica desta realidade dos habitantes da costa norte de Bretaña dándolle a palabra ao avó Louis.

A ficción literaria entráñase nun minucioso e diverso traballo de investigación, do que abrolla unha escrita decantada, á maneira dos dous perfís costeiros que a marea deseña no litoral do Goëlo. As fontes empregadas na redacción do texto son múltiples, e os mate-

publicada en 2015 no corenta aniversario do libro, é unha boa proba da súa popularidade. *O cabalo do orgullo* publicouse en tradución galega de Xosé María Proupin en 1993.

³ *Fils de ploucs* (2005, 2007), de Jean Rohou, gozou igualmente dun grande éxito editorial. É interesante anotar que o neno que aprendeu o francés ao chegar á escola se converteuse non só en catedrático desta lingua, senón que ademais a súa especialización universitaria fose a literatura do século XVII francés e o teatro de Jean Racine, área de investigación canónica que representa a máxima distancia erudita, lingüística e existencial co universo de orixe.

⁴ «Ils ont passé inconnus sur cette terre. Mais mon rôle à moi est que par mon livre leur ombre reste encore après leur passage sur cette terre». Albert Camus, *Le premier homme* in *Œuvres complètes*, ed. de Raymond Gay-Crosier, vol. IV (1957-1959), París: Gallimard, Bibliothèque de la Pléiade, 2008, p. 948.

⁵ *Pêcheur d'Islande*, de Pierre Loti, foi publicada en 1886; a súa primeira adaptación cinematográfica é de 1915. *La Paimpolaise* foi creada en 1895, con letra de Théodore Botrel e música de Eugène Feautrier.

⁶ *Le mur des disparus* é un lugar de memoria colectiva, onde penduran as placas, chamadas *memorias*, nas que se inscriben os nomes dos mariñeiros e dos buques desaparecidos durante as campañas bacallaeiras na comarca de Paimpol. No período máis álxido desta actividade, entre 1852 e 1935, 120 goletas e máis de 2000 mariñeiros desapareceron nos caladoiros de Islandia, Terranova e Saint-Pierre et Miquelon.

riais de moi diferente natureza. Dunha banda, o autor rescata a memoria oral así como a memoria material familiar: as falas, os obxectos, as imaxes, as trazas e os espazos depositarios dunha vida proxectada no futuro. A eles engádesse a palabra escrita do avó: as correspondencias, documentos, notas e cadernos de bitácora. Doutra banda, o investigador recorre aos arquivos provinciais de Côtes-d'Armor e Ille-et-Vilaine, así como aos da Mariña de Brest, ou a coleccións privadas de postais e fotografías. A investigación lingüística, sociolóxica, histórica e antropolóxica fúndese naturalmente na historia de vida narrada polo avó, conseguindo o autor unha lingua fresca, próxima e asemade sabia que constitúe a fonda orixinalidade do texto.

O libro divídese en dúas partes que se corresponden con dúas etapas profesionais da vida de Louis. Na primeira, este narra a vida do seu pai, dos seus irmáns e a súa propia como mariñeiros embarcados na pesca de altura; na segunda, expón a súa experiencia como patrón de altura e armador dos últimos veleiros de pesca e de comercio do Atlántico norte. Un epílogo, no que o avó lle cede a palabra ao neto, e un útil e documentado glosario pechan o volume.

Louis abre o relato contando a vida dos seus pais, Yves e Marguerite. Yves, nacido en 1834, albanel fillo de albanel, será o primeiro en romper o destino secular da saga familiar e apostar pola nova vida que os armadores ofrecían aos artesáns e labregos sen terra da comarca hoxe coñecida como Paimpol-Goëlo. Esta decisión persoal modificará o seu entorno e cambiará as expectativas vitais da súa descendencia. Yves participou en corenta campañas de pesca, e traballou nos caladoiros de Terranova, Islandia e Saint-Pierre et Miquelon. Este último, o menos coñecido dos tres, frecuentado por vascos e bretóns, será o destino máis importante para os homes da familia e da contorna.

O auxe da industria bacallaeira fixo que a vida nas aldeas se adaptase ao ritmo das campañas de pesca; os homes estaban embarcados durante a primavera e o verán e ficaban en terra os meses de outono e inverno. Moi pronto os nacementos seguiron este ritmo estacional, recoñecido pola lingua, que creou a expresión «os nenos do regreso» (*bugale an distro*), diferenciados así dos «nenos da partida». Mulleres e homes acostumáronse a vivir dúas vidas nunha; elas asumiron a responsabilidade dos fogares e a espera activa durante as campañas, traballando como xornaleiras en campos alleos na recolleita ou cultivando algún pequeno terreo alugado e vendendo os excedentes no mercado; eles tamén traballaban na invernia, preparando as terras dos sedentarios para a sementeira ou realizando labores de albanelaría ou carpintería; tamén tentaban seguir navegando, entrando na tripulación dalgún barco de pesca de baixura, acumulando as horas de navegación necesarias para teren dereito a unha pequena pensión estatal cando chegase o tempo da xubilación.

A experiencia do servizo militar na Mariña e uns ingresos superiores aos que lles proporcionaba o traballo como xornaleiros ou artesáns foron razóns que impulsaron a Yves, a Louis e aos seus a embarcárense na pesca de altura, onde viron unha oportunidade de mellora social. Os armadores precisaban, dunha banda, artesáns que traballasen nas factorías da costa, construíndo ou reparando as instalacións e, doutra banda, man de obra numerosa e non especializada para os diversos e duros oficios bacallaeiros. Así, non só xoves adultos, senón tamén moitos nenos e adolescentes embarcaban anualmente nos portos de Paimpol,

Binic ou Saint-Malo. A maioría deles vían entón por primeira vez o mar e os barcos de vela, «semellantes a igrexas pousadas na auga», así lembra Yves as palabras dun rapaz que, transmitidas por Louis, atravesan dous séculos e chegan ata nós na escritura do memoria-lista. Logo de travesías incertas de varias semanas en goletas onde as condicións de habitabilidade eran ínfimas, os homes chegaban as costas de Saint-Pierre et Miquelon e Terra-nova, de clima máis rudo e máis solitarias, ou as de Islandia, máis poboada e acolledora, onde a sociabilidade cos habitantes facía levadío o tempo en terra, aínda que, tal e como se queixaba un compañeiro de Yves, «non falan o mesmo bretón ca min».

O texto de Le Gonidec detalla, con toda precisión, os diferentes labores que os homes realizaban en condicións de extrema dureza, tanto na terra como no mar. Os rapaces máis novos e os homes que embarcaban por vez primeira traballaban na costa, nos secadoiros de bacallau instalados ao aire libre, realizando xestos repetitivos e esgotadores en xornadas interminables; eran os *pelletas* ou *graviérs*. Unha vez superada esta fase iniciática, onde os nenos abandonaban definitivamente a infancia, podían traballar como grumetes, o que supoñía xa un ascenso que precedía ao oficio de mariñeiro, no que existían, por suposto, diversas especializacións e responsabilidades, definidas polas características da pesca do bacallau. Os accidentes de traballo eran moi frecuentes, consecuencia da climatoloxía, das condicións e dos ritmos laborais extenuantes, pois a ganancia económica dependía das toneladas de peixe conseguidas e do tempo empregado en pescalás, preparalás e comercialízalas.

A familia de Louis coñeceu, como tantas outras, a traxedia das desaparicións no mar, homes caídos dos barcos ou buques naufragados nas tormentas silenciosas tan temidas polos mariñeiros. O pai Yves, unha vez xubilado, verá embarcar aos seus cinco fillos varóns xuntos rumbo a Saint-Pierre, onde un deles decidirá finalmente instalarse, logo de hibernar durante varios anos na daquela colonia francesa; era esta unha práctica común a moitos mariñeiros que completaban así o seu salario, realizando tarefas de mantemento en terra ou de pesca de baixura durante os meses de inverno, e evitando o gasto da viaxe transatlántica ata a seguinte campaña de altura.

O salario gañado do outro lado do atlántico permitiu a moitos *terranovas*, como se lles chamaba en terra, mercar terreos e ás veces tamén as barcas nas que practicaban a pesca de baixura. Levantar a casa na terra propia era a razón que os levara o mar e, tamén, a que lles facía renunciar a algunha campaña e ficar unha primavera en terra para construíla, para traballar os seus campos, plantar árbores ou labrar as pedras de granito que marcarían a entrada ao novo mundo que foran quen de crear: «un día, a cancela podreecerá, pero as pedras estarán sempre aí, cando vivan os vosos netos, e mesmo quizais os fillos dos vosos netos».

Mais Louis, ao igual que o seu pai antes ca el, tampouco se conformaba cun destino trazado. O mundo da pesca de altura cambiaba con rapidez, a sobre-explotación dos bancos diminuíra a rendibilidade das campañas e a irrupción dos vapores modificaba paseño a navegación transatlántica. Decide, entón, renunciar a unha campaña en Saint-Pierre e matricularse na Escola da Mariña Mercante de Paimpol en 1902, o ano no que el e a súa muller esperaban o seu primeiro fillo. Esta escola buscaba a promoción social de mozos que, como Louis, sabían ler e escribir e contaban cunha longa práctica de navegación; o en-

sino era gratuíto para aqueles que figuraban nos rexistros da chamada «inscrición marítima» e conducía a un exame teórico e práctico, despois de dez meses de preparación. Os que o aprobaban obtiñan o título de patrón de altura (*capitaine au long cours*), que os capacitaba para a navegación transatlántica de pesca de altura ou comercial.

A navegación comercial era o obxectivo de Louis, que consegue o título tras asistir ás clases en Paimpol e recibir apoio docente do mestre de Pléhédel; un chanzo máis na ascensión social da familia. A partir deste momento, Louis deberá aprender a negociar coas armadoras as mellores condicións para capitanear os veleiros, de pesca ou de comercio, cos que atravesará moitas veces o Atlántico, a miúdo en dirección a Saint-Pierre, pois as factorías bacallaeirais son demandantes, entre outras cousas, do sal que Louis transporta dende Bretaña.

Como capitán da última etapa da navegación comercial a vela, padeceu a falta de investimento nas goletas das armadoras, que se orientaban xa ao futuro que representaban os buques de vapor. Sobrevivió a moitas tormentas, entre elas unha no galego cabo Fisterra, e a varios naufraxios, nos que perdeu barcos e carga, pero non a tripulación. Chegou a capitanear buques mercantes de vapor e a tentar a aventura de ser armador, asociándose a outros capitáns.

No epílogo, Bernard Le Gonidec toma a palabra para achegarnos algúns daqueles aspectos que Louis non relata, como as perigosas travesías marítimas durante a Primeira Guerra Mundial, ou os máis lúdicos cargamentos de alcol e licores levados ao Canadá a comezos dos anos vinte e destinados ao mercado negro, na época da prohibición nos Estados Unidos. En 1924, con 52 anos, Louis solicita una xubilación anticipada por motivos de saúde, e fai o mesmo que moitos *terranovas*, volver á terra pola que saíran ao mar.

Ao pechar o libro, a lectora ten a sensación de que o seu autor conseguiu neste ensaio o mesmo que outro bretón, o poeta Guillevic, conseguiu nos seus poemas, non falar no seu propio nome, senón *en nome de*:

Un día, Frénaud [André] chanceábame sobre *Carnac*, dicíame: abonda dos teus *se* et dos teus *iso*, falas como unha velliña, como unha velliña bretoa! Entón, de súpeto, fitándome, engadiu: pero, talvez é o que digo, talvez fales en nome de todas as xeracións de bretóns que nunca falaron. Daquela díxenlle eu: acabas de facerme o máis fermoso cumprido que se lle poida facer a un poeta! En efecto, non falo no meu nome, falo *en nome de*.⁷

María LOPO

⁷ «Un jour, Frénaud [André] me taquinait sur *Carnac*, il me disait : j'en ai marre de tes *on* et de tes *ça*, tu parles comme une vieille bonne femme, comme une vieille bretonne ! Puis, aussitôt, me regardant dans les yeux il a ajouté : Mais, c'est peut-être ce que je dis, c'est peut-être que tu parles au nom des lignées de bretons qui n'ont jamais parlé. Je lui ai dit : tu me fais là le plus beau compliment qu'on puisse faire à un poète ! En effet, je ne parle pas en mon nom, je parle *au nom de*.». Guillevic / Jean, Raymond (1982), *Choses parlées*, entretiens, Seyssel: Champ Vallon, p. 112.